



## Novos ingresos: cacicada abortada

Este luns publicáronse 13 das 20 prazas de TS Sénior 2019. A CGT analizounas e atopamos moitas diferenzas coa información facilitada previamente ó comité.

En dous casos (Mantemento e Fiabilidade e mantibilidade), ademais das enxeñerías Naval e Industrial, aparecía unha titulación rechamante: "Enxeñería ICAI". Esas siglas significan Instituto Católico de Artes e Industrias, que é a escola de enxeñería da Universidade Pontificia Comillas, propiedade dos xesuítas, na que, por suposto, o prezo da matrícula anual ten cinco díxitos.

Se esa "enxeñería ICAI" equivale a enxeñería naval ou industrial, ¿por que ten que aparecer como título diferenciado? E se non equivale, ¿como se xustifica a súa inclusión?

O martes houbo xuntanza coa empresa e pedimos explicacións. Dixeron que fora un erro. ¿Tan pouco rigor hai na publicación das ofertas de emprego? ¿E se equivocan dúas veces coa mesma universidade privada? A opinión da CGT foi outra, e así llo dixemos: **querían enchufar a alguén.**

Onte **borraron** a titulación ICAI. Pero isto non diminúe nin un chisco a **gravidade** do asunto.

O problema de fondo son unhas probas **subxectivas** que deixan nas mans da empresa decidir quen ingresa e quen non. Con isto non queremos dicir que tódolos novos ingresos sexan enchufados. Pe-

ro si afirmamos que hai **enchufes**, e isto do ICAI o demostra. Hai que acabar coas entrevistas persoais e demais caralladas coas que a empresa pretende **disimular** as súas cacicadas. **Tódalas** probas teñen que ser **obxectivas**.

E tamén fai falla un control sindical **real** dos procesos de selección. Vista a experiencia das prazas júnior, así llo plantexamos ó resto do comité. A CGT e a CIG propuxemos unha persoa por sindicato. CCOO, MAS e UGT propuxeron dúas persoas en total. Cando quedaron sen argumentos, cambiaron de proposta: no canto de dúas persoas ó chou, propuxeron ós dous coordinadores de Fene (CCOO) e de Ferrol (MAS). Como a empresa co do ICAI, intentan **disimular**, pero tampouco o conseguen.



## Solidariedade con Alcoa

Os compañeiros de Alcoa San Cibrao están en folga indefinida dende o día 4 en defensa dos postos de traballo (máis de 2.000 entre principal, auxiliares e indirectos).

A ameaza de peche, por parte dunha multinacional que en 22 anos amasou beneficios milmillonarios e recibiu máis de 1.000 millóns en beneficios fiscais, forma parte dunha ofensiva do capital contra a clase traballadora. O proceso de desindustrialización afecta a tódolos sectores: electrointensiva, naval, automóbil...

A nosa resposta ten que ser a defensa intransixente de cada posto de traballo. Non podemos permitir o desmantelamento da industria porque nos vai a vida nisto. Esa defensa témola que facer coas únicas armas que entenden as empresas: a confrontación e a loita. Manifestacións masivas, folgas produtivas e folgas xerais, ocupación das factorías e esixencia de nacionalización baixo control obreiro.

O mantemento dos empregos só poderá lograrse cuestionando a propiedade privada das empresas, cuestionando o dereito dos capitalistas a pechar empresas só para engordar os seus beneficios, sen importarlles as gravísimas consecuencias sociais.

Os comités de empresa de Navantia, de Alcoa, de Alu Ibérica, de Gamesa, da térmica das Pontes, etc. deben organizarse na defensa de tódolos postos de traballo ameazados, elaborando un plan de loita conxunto serio no que a convocatoria dunha gran folga xeral en Galiza sexa unha prioridade.

**¡Defendamos cada posto de traballo na principal e nas auxiliares!**

## Covid-19

O pasado setembro, a empresa publicou o documento "Xestión de contactos COVID" con criterios e actuacións concretas fronte as casuísticas do covid. Ningunha novidade, a empresa volve demostrar que a saúde dos traballadores é **secundaria**, e que a prevención para evitar males maiores non vai con ela.

Pero esta vez a maioría sindical montou en cólera porque non se contou con eles para elaborar o documento e non se tivo en conta ningunha pro-

posta da parte social. ¿De verdade que sorprenden estas actuacións da empresa?

Hai sete meses que comezou a pandemia, a empresa vén facendo o que lle peta e pasando polo arco do triunfo os acordos (protocolos, teletraballo..) sen ningún tipo de oposición ou cuestionamento por parte da maioría sindical. E cando o hai, queda en queixas, sen ningunha consecuencia real.

## Comedor e economato

A raíz da **Folla** nº 35, algúns compañeiros pedíronos máis detalles. Aquí van.

*¿Quen cobraba até este ano o economato? Os **activos** e os **prexubilados**.*

*¿Quen cobraba até este ano o comedor? **Só** os **activos** porque se considerou que eran os únicos prexudicados pola súa desaparición.*

*¿Quen decidiu eses criterios de cobro? A **assemblea xeral**.*

*¿Cobran os novos ingresos comedor e economato? Por suposto, como calquera outro traballador/a incluído no **convenio**.*

*¿Que cambiou agora? Que, por **primeira** vez, os prexubilados cobran comedor.*

*¿Quen decidiu ese cambio? O **anterior** comité de empresa, por unanimidade, en abril de 2019.*

*¿Cal é a situación nestes momentos? O **actual** comité de empresa aprobou en xuño deste ano, cos votos de CCOO, MAS, CIG e UGT, que tódolos conceptos sociais terán que ser acordados na Comisión central de Política Salarial. Mentres esta non remate os seus traballos (o que, segundo o convenio, xa tiña que ter ocorrido en setembro de 2019), os conceptos sociais do art. 41 do convenio só se lles aplicarán ós traballadores que estiveron incluídos no **III Convenio**.*

Así que agora nos atopamos con persoas que xa **non** pertencen á plantilla, pero **si** teñen dereito a conceptos do convenio, e con persoas que **si** están traballando e pertencen ó convenio, pero **non** teñen eses dereitos. Os excluídos van en aumento: TS de convenio, compañeiros de Sestao, eventuais e agora tamén os novos ingresos. Un auténtico **despropósito** sindical.

Para a **CGT**, este tema debería debaterse co conxunto dos traballador@s e que sexa a **assemblea** a que decida.

## Información ós traballador@s

Antonte houbo pleno do comité. A **CGT** propuxo que o comité **difunda** tanto a **orde do día** dos seus plenos como as **actas** dos mesmos.

**Aprobase** o primeiro, pero non o segundo. O principal argumento foi que as actas xa son públicas porque se alguén vai ó comité e pide unha, se lle dá.

## Nova presidenta, mesmas políticas?

Ningún cambio de presidente/a implicou nada por reverter a dinámica privatizadora que levamos sufrindo nas últimas décadas da man da subcontratación masiva. Ó contrario, todos sen excepción afondaron nela, provocando un aumento da precariedade e do sufrimento de milleiros de traballadores empuxados á explotación nas auxiliares.

O goberno de PSOE-Unidas Podemos, que di estar a favor de reforzar o sector público, ten unha oportunidade de ouro para arranchar o problema máis importante, do que derivan tódolos demais. Pero nada fai pensar que Belén Gualda veña a reverter a voráxine privatizadora.



**Contacta connosco:**

Teléfono Interior: 1213  
Telf. Exterior: 981 33 12 13  
Telf. Móbil: 623 044 900

[cgt.fe@navantia.es](mailto:cgt.fe@navantia.es)  
[naval.ferrolterra@cgtgalicia.org](mailto:naval.ferrolterra@cgtgalicia.org)

Séguenos e comparte info nas RRSS:

